



RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas

ISSN: 1577-239X

usc.rips@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela
Espanha

Bastos Boubeta, Miguel Anxo

Reseña de "A política económica da Xunta de Galicia (1982-1997): Economía e autogoberno" de Manuel Cao y "O fracaso neoliberal na Galiza" de Xavier Vence

RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas, vol. 4, núm. 2, 2005, pp. 299-302

Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, Espanha

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=38040222>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica

Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal

Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

transectorial; 3) del predominio de los criterios económicos, a una visión integral de la cuestión educativa; 4) de la ayuda internacional, a una auténtica cooperación internacional; 5) de la escuela, a la educación; 6) del derecho a la educación, al derecho a una buena educación; 7) del derecho al acceso, al derecho al aprendizaje; 8) del derecho al aprendizaje, al derecho al aprendizaje a lo largo de toda la vida; 9) de la escuela, a la comunidad de aprendizaje; 10) de la educación básica como educación escolar, a la educación básica como educación ciudadana; 12) de adecuarse al cambio, a incidir sobre el cambio.

En suma, cada tesis es una propuesta elaborada a partir de un examen de la situación actual y su orden obedece a una lógica, pero los lectores –declara la autora– pueden leerlas sin respetarlo, pues *cada una de ellas tiene sentido por sí misma, ofreciendo de este modo flexibilidad a la lectura*. No disponemos aquí de espacio para un análisis de todas las proposiciones, pero cabe destacar la demanda de una formación general, postergada durante las últimas décadas en aras de una especialización que, ante todo, busca educar para el trabajo; y la reivindicación de una educación con potencial transformador

que prepare *para anticipar el cambio [continuo y acelerado de nuestro tiempo], controlarlo y orientarlo hacia la construcción de otro mundo posible en el que prevailezcan la justicia, la dignidad, la democracia y la paz*.

Concluyendo: este estudio maduro, comprometido y sincero de Rosa María Torres no dejará indiferente a sus lectores, quienes volverán más de una vez a sus páginas para reflexionar y debatir sobre las doce tesis. Las *experiencias inspiradoras* del Movimiento *Fe y Alegría*, así como los demás ejemplos del capítulo V que cierran el libro son esperanzadores: el cambio educativo es posible.

El libro puede consultarse en el portal de la organización www.feyalegría.org y puede obtenerse solicitándolo a ENTRECULTURAS en Madrid (c.manzanedo@entreculturas.org).

Manuel María de Artaza Montero

Universidade de Santiago de Compostela
Departamento de Ciencia Política e da
Administración

CAO, MANUEL

A política económica da Xunta de Galicia (1982-1997): Economía e autogoberno

Vigo, Edicións A Nosa Terra, 2005

VENCE, XAVIER

O fracaso neoliberal na Galiza

Vigo, Edicións A Nosa Terra, 2005

Coincidiendo co fin da etapa de goberno da Xunta de Galiza de Manuel Fraga saíron do prelo dous traballos de valoración das políticas económicas levadas a cabo durante estes anos.

Os dous libros difiren bastantes nas súas conclusións e na análise, o que pode chocar dado que polo que se deduce da lectura dos textos e a editorial onde publican ambos son autores próximos ao nacionalismo galego.

O libro do profesor Cao é un estudo do proceso de institucionalización da comunidade autónoma galega. Analisa dende unha perspectiva neoinstitucionalista como se construíron as organizacións que constitúen a actual Xunta de Galiza e como as decisións tomadas nos inicios do proceso autonómico incidiron a través dun proceso de *path dependency* moitas das decisións posteriores. Faltalle na miña opinión analizar en que medida este proceso foi mimético do levado a cabo noutras administracións autonómicas e como estas á súa vez imitaron o modelo administrativo propio da administración xeral do estado. O libro analiza tamén a evolución dos partidos galegos, a influencia dos medios de comunicación, as institucións educativas e, sobre todo, as políticas levadas a cabo polos distintos gabinetes que conformaron a autonomía galega. O título do libro engana un pouco, pois non é a política económica o único factor que se considera, máis ben ao contrario, creo que se lle dá moi pouca relevancia. Botei en falta un maior detalle na análise destas políticas, que podería ser feito a través dalgún estudo de caso de tal forma que nos ensinase cal é o estilo de elaborar políticas na Galiza. Tamen botei en falta algunha referencia a cales foron os principios ideolóxicos que rexiron a política económica da Xunta.

Dito isto hai que dicir que o libro dá unha visión que eu entendo que é moi correcta e atinada das políticas económicas emprendidas neste período. No inventario que o autor fai podemos observar o medre do gasto público autonómico e como as políticas económicas da Xunta son en boa medida unha sucesión de planos económicos e de desenvolvemento e de intervencións no mundo da empresa, ben para salvarlas ben para crear grupos empresariais. O autor ao final do libro (p. 326) lamenta o papel retardatario da administración pública galega, que mitiga e afoga a creatividade e o desenvolvemento. A conclusión que un tira despois de ler o libro do profesor Cao, é que se confirma a intuición que eu tiña de que a política económica da Xunta non estaba resida por uns principios económicos claros, senon que era unha política moi pegada aos vaivéns da política, actuando de forma reactiva aos estímulos do contorno e moi intervencionista na práctica, a pesar dunha retórica vagamente liberal.

Co libro do profesor Vence en cambio sucede o contrario. Penetra polo miúdo nas políticas económicas, fai estudos de caso moi completos

(Leyma, Caxias de aforro, incendios forestais...) preocupase dos aspectos políticos e ideolóxicos das políticas económicas desenvolvidas polos gobernos de Fraga Iribarne, pero constrúe unha imaxe da realidade que non se adecúa á mesma. Xa me gustaría a min, neoliberal salvaxe e impenitente que a nosa nación fora o paradiso neoliberal que o profesor Vence imaxina, porque unha cousa é a retórica vagamente neoliberal do PP español (moito máis atenuada no PP galego), sen excesos, (non vaia a ser que os acusen de pouca preocupación polo social) , e outra ben distinta o que realmente fai cando goberna, alomenos no caso galego. O libro comeza cunha exposición da filosofía e a praxe neoliberal que entendo descansa demasiado en autores e visións que non comprenden ou non teñen estudado ben a filosofía política do liberalismo económico, incluso ás veces chega a reclamar como críticos a autores como Henry George, que eran furibundos liberais no económico (só hai que ler o seu *Protección o libre cambio* para velo) só que moi críticos coa desigualdade e que precisamente reclamaban máis librecambio para rematar con elas. De feito non fai case referencias directas a autores neoliberais e se o fai é para denigralos como economistas vulgares, caso de Bastiat ou para calificar de absurdas súas propostas caso de Hayek, pero sen discutilas polo miúdo A proposta de Hayek de diñeiro privado, non é tan absurda como parece. E consiste en que cada banco emita seu propio diñeiro, como foi durante séculos, garantíndose unha grande estabilidade nos prezos (nunca co patrón ouro houbo hiperinflacións como a alemana dos anos 20 ou arxentina dos 80). Isto non implica que o diñeiro de cada banco sexa admitido sen máis. Se un banco emite Vences e outro emite Bastos por exemplo só serán admitidos no mercado se están garantizados ao cen por cen por ouro ou por outra mercadoría que o mercado escolla. Os bancos competirían en solvencia entre sí e non usarían do multiplicador bancario para expandir case sen límite a oferta monetaria, como ocorre agora co sistema estatal de xestión bancaria cun banco central monopolista (modelo nada liberal, por certo, pois consiste nun monopolio socialista da emisión de diñeiro). Identifica neoliberalismo coas políticas deseñadas polas grandes institucións internacionais como o Banco Mundial ou o FMI (ambas fundadas non por fundamentalistas liberais senon por Keynes, que tiña a idea de crear un diñeiro mundial o Bancor, que sería xestionado por estas institucións). As medidas que propoñen estas institucións son algo máis liberais que as propugnadas

antes, pero isto non obsta para que non sexan políticas coordinadas polos estados ou por entes paraestatais. Onde está aquí o libre mercado?. Os neoliberais consecuentes propugnaron sempre a eliminación de tales institucións planificadoras precisamente por ser contrarias ao libre xogo da economía de mercado. Da mesma forma o profesor Vence entendo que confunde a retórica neoconservadora de libre mercado coa súa praxe real, confundindo as políticas neoimperiais dos neoconservadores co libre mercado. Os liberais económicos dende os manchesterianos Cobden, Bright e Prince (tiveron seguidores na Galiza, principalmente Eduardo Chao e en menos medida Curros Enriquez) e os seus continuadores no século XX como Ropke, Mises ou Rothbard foron furibundos antiimperialistas. Cobden foi case a única voz que se ergueu no parlamento británico contra o imperialismo, Popis quería unha Inglaterra pequena, pacífica e librecambista. Quería comerciar pacificamente cos outros povos, non invadilos. Mentras Karl Marx adicábase a defender o imperialismo na India. O imperialismo é rexeitado polo liberais consecuentes como unha intervención especialmente brutal do estado na economía. Se o profesor Vence lese as páxinas ultraliberais actuais como www.cato.org, www.independent.org ou www.mises.org se decataría de que todas están en contra do imperio e das intervencións militares no exterior e do imperialismo estatal. Bush non é un liberal no económico, foi o segundo presidente que máis incrementou o gasto público nos últimos cuarenta anos e foi o que reviviu políticas arancelarias esquecidas fai tempo. Outra cousa é que se pretenda meter a todos os que están na dereita no mesmo saco.

No que atinxe a Galiza máis do mesmo, se ben é a parte máis interesante do libro, peca tamén do mesmo erro, confundindo a retórica cos feitos. O profesor Cao no seu libro nos amosa (p. 23) o incremento no gasto público da autonomía galega, superior en percentaxe por exemplo ao de Euskadi, curiosa forma de liberalismo económico. Tamén nos amosa a falta de investimentos extranxeiros na Galiza neste período, aspecto no que coincide o profesor Vence. Pero isto o que quer dicir é que Galiza globalizouse pouco neste período, polo que os seus males non virán da mundialización senón en todo caso da falta dela. Critica o profesor Vence tamen a privatización do ensino, cando o profesor Cao, quen apunta súa sorpresa porque na galiza non hai establecementos privados de encino superior, expón textualmente (p. 40)

“tal parecería, segundo os medios de comunicación que se está a privatizar o sistema educativo galego, cando a situación real, no período estudado, non concorda con tal idea”. Eu creo ao profesor Cao neste ponto. Xa me gustaría a min que se privatizase o ensino por completo, máis parece que non terei sorte.

Co que sí concordo co profesor Vence é coa súa admiración polo modelo irlandés de desenvolvemento. Pena que non imitemos as políticas de desregularización do mercado laboral emprendidas, os seus baixos impostos para poder medrar coma eles (Irlanda figura en todos os rankings de liberdade económica dende os 90 invariábelmente nos primeiros 10 postos). O profesor Vence non parece criticar, en cambio que a Galiza neoliberal que el detesta teña por exemplo os impostos de hidrocarburos máis altos do estado ou que a diferenza de outras comunidades do PP sega a manter o imposto de sucesións, sen contar o intervencionismo na ordenación do territorio (que o profesor Vence non cita á hora de estudar os incendios) que obriga a moitos xoves galegos a ir vivir a periferia das cidades ou o intervencionismo no sector lácteo que incluso él mesmo denosta como autoritario (p.228) e burdo. Tamén é un lugar común culpar ao neoliberalismo do caso Prestix. Que eu sepa ocorreu nun lugar aínda non suxeito as leis do mercado, senón nun lugar xestionado estatalmente como é o mar, que, de momento, aínda segue a ser público, amosando como o estado non é capaz de previr nen de xestionar este tipo de catástrofes. Tampouco vexo por ningunha parte o adoutrinamento neoliberal. O profesor Vence parece crer que nos liceus se encina máis a Mises que a Marx e máis a Bastiat ou Hume que a Marcuse, que as masas devoran os libros de Rothbard e os adolescentes comentan os libros de Hazlitt nos botellóns. Nada máis lonxe da realidade, mentras os libros de Chomsky están nos quiosques os destes autores son casi imposíbeis de atopar nas librerías da nosa terra. De facto eu podo contar cos dedos das dúas mans aos neoliberais galegos que conexo e constante nas facultades, nas que imparto clase que virtualmente ninguen os coñece. Non sei onde está o adoutrinamento pola nosa parte.

Ambos libros, sen embargo, cumpren unha función importantísima, que é a de abrir un debate sobre as políticas desenvolvidas na nosa comunidade e abren o camiño cara posteriores debates sobre o modelo en que Galiza debe desenvolverse e fan a un escaparse do confor-

mismo de que todas as políticas son iguais e de que o goberno só debe estar para xestionar con eficiencia os asuntos. Con estes libros recupera un o interese pola política e polo debate académico sobre políticas, por que fan pensar e discutir sobre as alternativas existentes ao sistema, que me gustaría que fose como o profesor Ven- ce pretende que é , pero que para miña desgra-

za é máis parecido ao reflexado polo profesor Cao.

Miguel Anxo Bastos Boubeta

Universidade de Santiago de Compostela
Departamento de Ciencia Política e da
Administración

DION, STÉPHANE

La política de la claridad. Discursos y escritos sobre la unidad canadiense

(estudo intr. de Alberto López Basaguren, pról. de Peter H. Russell e trad. española de María Dolores Torres París)

Madrid, Alianza, 2005

En Galiza contamos cunha rica e complexa tradición federalista debedora do ideario radicalmente democrático e republicano de personalidades como Segundo Moreno Barcia ou Aureliano José Pereira de la Riva e moi influída polo constitucionalismo de Pi i Margall. O seu modelo xurídico-político máis acabado é o *Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego*, un documento pioneiro aprobado en 1887 nunha asemblea celebrada en Lugo polos federalistas. *As Bases constitucionais para a participación da Nación Galega nun Pacto Federal*, presentadas en abril de 1976 polo Consello de Forzas Políticas Galegas (do que daquela formaban parte o Partido Galego Social-Demócrata, o Partido Socialista Galego e a Unión do Pobo Galego) xa son representativas, malia o seu título, da escora cara a posicións confederalistas que experimentou o nacionalismo durante a transición.

En realidade, o noso campo político non pode entenderse sen os modelos federalistas elaborados no seo do galeguismo progresista, dos que Castelao ofrece un exemplo ben significativo no seu *Sempre en Galiza*. Porén, estes

modelos só coñeceron algún éxito illado –como nas eleccións a Cortes constituíntes de maio de 1873– e estiveron basicamente relegados a posicións marxinais. Aínda hoxe están moi presentes pero disimulados na ambigüidade ideolóxica á que se ve condenada unha esquerda política de base electoral incerta. Entre os autores que estudan e mesmo –nalgún caso– contribúen a dotar de contido teórico, normativo ou programático o federalismo galego, sobresae Ramón Máiz, quen centra unha parte esencial da súa intensa actividade politolóxica na relación entre o federalismo e a construción nacional en Galiza e propón o federalismo plurinacional como o modelo institucional pertinente para a *politeia* española.

O exemplo de Suíza –que desde 1848 é un Estado federal moi descentralizado, só superado en antigüidade polos Estados Unidos de América– pode resultarnos especialmente acaído fronte ao moito máis socorrido modelo alemán, baseado sobre a *Leitkultur* dunha realidade uninacional. Dada a súa diversidade nos planos étnico, social, político, económico, cultural, lingüístico e relixioso, a comunidade políti-